

OBRADOIROS DE CALCETA 'TECENDO POLO CAMBIO'

QUEN REALIZARÁ A ACTIVIDADE	Socorro Vázquez, tecedora con trinta anos de experiencia residente en Lousame, que ten levado a cabo neste e noutros concellos cursos de lanoterapia con grande éxito.
PERÍODO DE REALIZACIÓN	Maio, setembro ou outubro. Cada obradoiro estruturarase en 3 encontros para tecer de 2 horas cada un, con periodicidade semanal, e un acto final de "yarn bombing".
A QUEN VAI DIRIXIDA	Concellos socios do Fondo Galego de ata 10.000 habitantes, preferentemente rurais.
Nº DE ACTIVIDADES OFERTADAS	Un total de tres concellos socios do Fondo Galego poderán beneficiarse da actividade.
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	A actividade consistiría na organización, en cada un dos tres concellos, de tres encontros para tecer unha obra conxunta ao tempo que se debate. Alén de contar cunha profesora de calceta, persoal do Fondo dinamizará as conversas, ás que tamén se agarda convidar a persoas expertas en diferentes temáticas relacionadas coa solidariedade ou representantes dos proxectos do Sur. Ao remate do obradoiro, levarase a cabo un acto de "yarn bombing" ou "urban knitting", consistente en cubrir, coa peza colectiva resultante, a escultura dunha persoeira ou algún outro elemento significativo do espazo público.
PÚBLICO OBXECTIVO	Mulleres e homes de todas as idades, tamén maiores, residentes en concellos do rural de ata 10.000 habitantes. Ofertaranse un máximo de 15 prazas por concello.
OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE	<ul style="list-style-type: none"> - Sensibilizar sobre os dereitos humanos e a solidariedade internacional a poboación de todas as idades no ámbito rural. - Recoñecer o traballo das mulleres a través dunha tarefa compartida por donas de todos os tempos e culturas. - Apropriarse do espazo público, relacionando o individual co colectivo e rompendo a dicotomía público/privado.
RECURSOS TÉCNICOS:	Sala con cadeiras e mesas, preferiblemente dotada con proxector, altofalantes, ordenador e conexión a internet. A organización facilitará a la e as agullas de tecer, sen prexuízo de que as persoas participantes poidan levar tamén material propio.
PRAZO E FORMA DAS SOLICITUDES	<p>Os socios interesados deberán realizar a súa solicitude por escrito ao enderezo electrónico comunicacion@fondogalego.org, indicando os seguintes datos (*campos obrigatorios):</p> <ul style="list-style-type: none"> • Concello* • Número de habitantes* • Meses por orde de preferencia: maio/setembro/outubro • Lugar e horario da actividade • Escultura ou elemento do espazo público que se podería cubrir • Hai xa grupos de calceta activos no Concello?* Si/non. En caso afirmativo, engadir unha breve descrición. <p>No caso de que as solicitudes superen os tres obradoiros ofertados, realizarase unha selección na que se valorará positivamente:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A ruralidade e o menor número de habitantes do Concello. • Existencia de grupos de calceta xa activos no Concello. • Participación nas dúas últimas xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria (RMS). • Ter acollido actividades no pasado ano. • Ter incrementado a cota mínima de socio que establece o Fondo Galego.